

PROXECTO DE INNOVACIÓN EDUCATIVA EN
DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

IES MARTAGUISELA

A LITERATURA GALEGA Á ESCENA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



ÍNDICE

1 Título do proxecto.....	2
2 Introducción.....	2
2.1 Contexto. Análise da situación sociolingüística do centro.....	2
2.2 Xustificación do proxecto.....	4
3 Obxectivos deseñados en función das necesidades detectadas nos diferentes ámbitos de actuación.....	4
3.1 Obxectivos a curto prazo.....	4
3.2 Obxectivos a longo prazo.....	5
4 Actividades de dinamización da lingua galega propostas para acadar os obxectivos.....	7
4.1 Propostas estratéxicas de actuación a curto prazo.....	7
4.2 Propostas estratéxicas de actuación a longo prazo.....	8
5 Organización, desenvolvemento e metodoloxía.....	8
6 Xestión e calendario.....	9
7 Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto.....	12
7.1 Profesorado participante. Funcións e tarefas de cada unha das persoas implicadas.....	12
7.2 Alumnado participante (curso, nivel, número).....	12
8 Recursos materiais para o desenvolvemento do proxecto.....	13
9 Orzamento. Xustificación e desagregación.....	13
10 Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas.....	13
11 Medidas de difusión do proxecto.....	14
11.1 Accións, canles, medios e formatos.....	14
11.2 Alcance (no centro: entre o alumnado e entre o resto da comunidade educativa; na contorna e/ou noutros espazos).....	14
12 Plan de avaliación.....	15
12.1 Criterios e indicadores para a avaliación.....	15
12.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa.....	16
13 Anexo. Guión da obra <i>Cando un rei moi famoso foi tamén un trovador</i>	17



1 TÍTULO DO PROXECTO

A literatura galega á escena

2 INTRODUCCIÓN

2.1 Contexto

Os datos sociolingüísticos do centro, segundo consta no Proxecto educativo de centro (PEC), no Proxecto lingüístico de centro (PLC) e no proxecto de fomento do galego do EDLG do presente ano, son os que seguen:

Situación sociolingüística do alumnado

O IES Martaguisela, localizado no núcleo urbano da vila do Barco de Valdeorras, recibe alumnado procedente do medio rural (aldeas do termo municipal do Barco de Valdeorras e de concellos próximos, Rubiá, Vilamartín de Valdeorras e Carballeda de Valdeorras), e alumnado da propia vila. Porén, o alumnado de procedencia estranxeira supón un 20 % aproximadamente, un número moi alto e determinante.

O nivel cultural do seu contorno familiar é medio-baixo, cun predominio de nais e pais con estudos de ensino secundario e cunha escasa porcentaxe que acadou titulación universitaria.

A escolla dun idioma ou doutro vén condicionada pola orixe xeográfica e polo contorno familiar e social en que se moven as alumnas e os alumnos.

O alumnado é, maioritariamente, castelanfalante; mesmo nas materias en que a lingua vehicular é o galego, hai que lembrarllas que a teñen que empregar e pedirllas que o fagan. Nos últimos anos apréciase un aumento da presenza do galego no alumnado que procede das aldeas que rodean o Barco de Valdeorras, que incide na diferenza no uso da lingua entre o alumnado que vive na vila (castelanfalante) e o que procede das aldeas da contorna (galegofalante). Algúns recoñecen que no seu ámbito familiar falan en galego, pero que no centro non o fan pola presión social que exerce o castelán, presente como lingua habitual do resto do alumnado. O proceso inverso obsérvase en menor medida (o alumnado castelanfalante non sente a mesma obriga de falar galego, por cortesía, con persoas interlocutoras galegofalantes).

Existe algún caso illado de galegofalantes monolingües en galego e, pola contra, alumnado que, segundo reflicten as enquisas, ten por lingua materna o galego, pero o seu comportamento é claramente diglósico, xa que é maior o



número de alumnas e alumnos que teñen por lingua materna o galego que os que se expresan en galego no ámbito académico.

Hai tamén unha porcentaxe alta de alumnado que non fala galego e ademais rexeita a lingua galega por diferentes cuestións.

Destes datos tiramos as seguintes conclusións :

- A relación que existe entre as dúas linguas vehiculares por parte dos alumnos e alumnas do centro é dun total desequilibrio lingüístico, isto é, claramente diglósica.
- A porcentaxe de alumnado galegofalante é moi baixa e isto obriga o EDLG a un labor moi dificultoso polas devanditas características especiais do alumnado que acode ao noso centro.

Situación social e lingüística do profesorado

No caso do persoal docente, o monolingüismo en castelán ou galego alterna co bilingüismo ou coa diglosia e obsérvase que a porcentaxe de profesores e profesoras que se expresan habitualmente en castelán é superior á dos que o fan en galego. Novamente os condicionamentos xeográficos serven para explicar esta situación de desvantaxe: O Barco de Valdeorras, situado no extremo nordeste da provincia, limítrofe co Bierzo, atrae profesorado de fóra de Galicia, no que achamos "respecto" cara á lingua galega pero non o uso desta nin un compromiso lingüístico serio, e isto funciona do mesmo xeito para unha ampla porcentaxe de profesorado galego que prefire o castelán tanto para o uso académico como en contextos informais.

Nas reunións do Claustro, a lingua habitual é o galego só no caso do profesorado galego, pois un amplo número de membros utiliza o castelán, e podemos constatar que ese número vai, ano a ano, en aumento. Temos que sinalar que algúns profesores e profesoras só usan o galego nesa situación formal ou noutras similares no contexto regulado de centro.

Nas reunións do Consello Escolar, a lingua utilizada polo profesorado é o galego; porén, o alumnado e os pais/nais optan, na maioría dos casos, polo castelán.

Así que, como se pode ver, a situación do profesorado non é a máis esperanzadora para a lingua galega nesta terra de Valdeorras.

Administración

A documentación de carácter oficial da que se encarga a secretaría do centro está na súa integridade realizada en galego e, establecendo unha comparación co resto de ámbitos do centro, hai que dicir que é aquí onde



podemos atopar unha situación máis normalizada para o uso do galego, tanto polo emprego da lingua oral como polo da escrita.

2.2 Xustificación do proxecto

Fuxindo do tedio que moitas das veces supón para o alumnado o achegamento e o estudo, ao xeito tradicional académico, da vida e obra dos autores e autoras da nosa literatura, propoñemos unha visión innovadora, atractiva, completa e dinámica para abordar, contextualizándoo no seu período correspondente, o coñecemento dos escritores e das escritoras máis salientables das nosas letras. Para isto levaremos ás aulas e ao salón de actos do centro textos dramáticos, de creación propia ou versións, para seren representados polo alumnado e o profesorado e recrear o momento histórico e as características da vida e obra de cada autor ou autora, confiando no traballo de redacción, interpretación e *atrezzo* do equipo de alumnado e profesorado seleccionado para este fin. Alén diso, estas representacións gravaranse co obxectivo de formarmos un arquivo numerado e ampliable de vídeos editados, que se divulgarán nas nosas RR SS e serán un recurso co que traballar en lingua galega e coñecer a nosa literatura no centro ou en centros da contorna e mesmo de toda Galicia.

3 OBXECTIVOS

3.1 Obxectivos a curto prazo

- Fomentar o galego oral, coa creación de novos ámbitos de uso frecuente, tanto dentro da aula como nas relacións con toda a comunidade educativa, e favorecer a transmisión entre as xeracións.
- Mellorar as habilidades e competencias comunicativas do alumnado en galego, especialmente as orais, tanto nos usos coloquiais como en contextos cultos.
- Achegarlle a lingua e o coñecemento da realidade sociocultural galega ao alumnado procedente do estranxeiro e ás súas familias e, en xeral, incrementar o uso e valoración da lingua galega entre o alumnado neofalante.
- Difundir as figuras máis salientables da nosa literatura no contexto histórico propio e achegarllas ao alumnado .
- Dar a coñecer as obras dos autores e autoras e a importancia da súa obra para a nosa lingua, empregando novos formatos que sexan atractivos e de impacto, innovadores e creativos.
- Promover a curiosidade polos xéneros literarios en galego.



- Colaborar con entidades culturais, asociativas, recreativas e deportivas, así como coas empresas locais ou doutras zonas, para favorecer o emprego da lingua galega e mellorar a súa valoración social.
- Potenciar o uso e valoración da lingua galega a través das tecnoloxías da información e da comunicación e mediante actividades e produtos, materiais e recursos con formatos atractivos para a xente nova.
- Estender o emprego da lingua a espazos e temas asociados á modernidade e construír unha imaxe positiva do galego.
- Divulgar entre a comunidade educativa os resultados do proxecto e a súa repercusión na dinamización da lingua.
- Visualizar o galego nas redes sociais e nas plataformas dixitais máis utilizadas pola xente nova (Twitter, Facebook, Instagram, Tik Tok...).

3.2 Obxectivos a longo prazo

- Dignificar a lingua e aumentar o seu prestixio.
- Demostrar que o galego, a lingua propia da maioría dos habitantes de Valdeorras, é unha lingua máis na configuración da Europa plurilingüe.
- Demostrar que todas as persoas galegofalantes do Barco de Valdeorras se poden relacionar co mundo sen renunciar ao galego.
- Facerlles ver que a súa lingua propia é tan válida como calquera outra.
- Desterrar estereotipos negativos cara ao galego, como os de que o galego é lingua do rural, é lingua das clases baixas ou que é a lingua da xente de aldea.
- Poñer en valor o léxico propio, en especial o relacionado coa viticultura, coa toponimia e coas tradicións en xeral.
- Eliminar prexuízos cara á variedade dialectal propia, utilizándoa nos contextos axeitados.
- Eliminar os prexuízos cara ao galego estándar e conseguir que a comunidade educativa o valore na súa xusta medida.
- Aumentar os usos cultos da lingua e consolidar os usos coloquiais.
- Promover o emprego do galego entre o profesorado, o alumnado e o persoal non docente, tanto no rexistro culto como no coloquial.
- Fomentar o mantemento da lingua entre alumnado, o profesorado e as familias, nos rexistros coloquiais, ante persoas non galegofalantes con competencia oral da nosa lingua.



- Afianzar o idiolecto do alumnado e das familias, peneirándolle os castelanismos, para desterrar a idea de que falan "castrapo", é dicir, de que "falan mal".
- Fomentar a lectura en lingua galega entre toda a comunidade educativa, para consolidar o rexistro culto da lingua.
- Mellorar a competencia lingüística do alumnado, do profesorado e do persoal non docente.
- Realizar comunicacións de ámbito internacional sen abandonar o galego e demostrando que é unha lingua apta para todos os contextos coma calquera outra.
- Implicar todos os axentes escolares neste proceso.
- Consegir a participación da maioría do profesorado e do alumnado nas actividades que fomenten o uso da lingua galega.
- Organizar actuacións que cheguen a pais, nais e titores/as.
- Implicar a ANPA nas diferentes actividades, procurando a máxima participación e colaboración.
- Tentar integrar as actuacións do proxecto de innovación educativa en dinamización lingüística do centro en todos aqueles proxectos e plans que os diferentes equipos docentes desenvolvan, ben sexa naqueles regulamentarios (Plan lector, Plan de desenvolvemento das TIC, Plan de mellora da biblioteca escolar...) como en calquera outro que de xeito voluntario se integre no centro.
- Contribuír á dinamización lingüística do contexto.
- Dinamizar o uso do galego no centro de xeito que repercuta no exterior.
- Difundir na vila as actividades dinamizadoras, neste caso as representacións teatrais como canle.
- Colaborar con outros equipos de dinamización a través de actividades colectivas.
- Consegir a implicación de colectivos externos (concellos, Asociación de Comerciantes etc.).

En resumo, o proxecto de innovación lingüística A literatura galega á escena do IES Martaguisela do Barco de Valdeorras ten como obxectivo procurar a normalidade e, polo tanto, a presenza activa da lingua galega dentro da comunidade escolar e dentro tamén do seu contorno. Para iso ten que conseguir que o galego estea presente en actividades onde se requira un rexistro culto, pero tamén programar actuacións que leven a mellorar as



actitudes cara á lingua, sexa esta a propia ou non e que fomenten o uso do galego como idioma vehicular tan digno coma calquera outro. Daquela, pensamos que ningún xénero mellor que o teatro para este fin, nas actuais circunstancias e no estado en que se atopa a fala en xeral e en Valdeorras en particular.

4 ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA PROPOSTAS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS

4.1. Propostas estratéxicas de actuación a curto prazo

Nesta era tecnolóxica supón un reto involucrar a mocidade nun hábito lector simplemente, e un reto aínda máis difícil involucrala no hábito de lecto-escritura en galego. Neste sentido, o teatro é unha ferramenta fundamental para actuar na aula con adolescentes e ensaiar destrezas lingüísticas como a entoación, a expresión, a escoita atenta e activa ou o razoamento verbal... Neste proxecto xorde a idea de formar un taller de escritura, lectura e representación teatral en galego, de teatro xuvenil fundamentalmente, que conecta dalgún xeito cos intereses da rapazada e logo co interese primeiro do profesorado de acadar un uso normalizado da lingua por parte do alumnado, do profesorado e, en definitiva, de toda a comunidade educativa.

A didáctica teatral dálles resposta a varias inquietudes persoais no ámbito da docencia. Dun lado, o interese de lle achegar o teatro á xuventude, xa que este xénero propicia que se asenten os coñecementos, que se traballe a timidez, a disciplina e a cooperación do grupo. Ademais, a área de Lingua Galega tamén permite traballar a lectura, a entoación, a pronuncia e o vocabulario e facilita o hábito da lectura no alumnado pouco lector, debido a que lle resulta máis doado este xénero.

O teatro entre adolescentes é dobremente produtivo, porque que se atopan nunha idade na que a pertenza ao grupo é decisiva e, neste sentido, a lectura en grupo favorece dinámicas motivadoras para a aprendizaxe da lingua e a fala desta. A xuntanza durante dúas horas os mércores pola tarde, para abrir as posibilidades conxuntas do deseño de cada obra, temática, escritura, a lectura previa de textos, e logo o ensaio e interpretación desta son as estratexias a curto prazo, e mesmo as representacións teatrais en galego, a asistencia a estas e a participación activa nelas, no teatro Lauro Olmo da localidade.

A dramatización, xa que logo, é un recurso válido que achega múltiples beneficios; un deles, especialmente significativo no noso centro, é a mellora da integración e, polo tanto, da convivencia, pero debe relacionarse tamén



con outras estratexias educativas complementarias dentro da área de Lingua Galega e Literatura que nos axuden a establecer uns obxectivos eficientes e claros detallados para a materia.

4.2 Propostas estratéxicas de actuación a longo prazo

O centro IES Martaguisela do Barco de Valdeorras ten unha longa tradición teatral, sempre en galego, con textos de creación propia ou adaptados doutros idiomas, e foi e é un elemento dinamizador, poida que o máis efectivo.

Desta volta, escollemos centrarnos na Literatura Galega, seguindo unha liña cronolóxica que desenvolveremos desde os inicios da Lingua ata chegar á actualidade, etapa que pechará, así, a pretendida e desexada mostra.

Para iso difundiremos as nosas actividades como recurso de aula, texto e vídeo á disposición da práctica de ensino-aprendizaxe da lingua e, o máis importante, a posta en valor desta desde dentro (a historia, as figuras, as obras, o contexto...) a fóra (o ámbito da oralidade e a dignificación da fala). Coa difusión e a presenza do teatro en galego no centro e na contorna preténdese, pois, crear persoas afeccionadas non só ao teatro, senón ao teatro en galego, escrito, visto, feito, e representado por un número o maior posible de axentes activos pertencentes á nosa comunidade educativa e extensibles á cidadanía valdeorresa.

5 ORGANIZACIÓN, DESENVOLVEMENTO E METODOLOXÍA

Os obradoiros de teatro desenvólvense os mércores pola tarde. O alumnado participante acode ao centro semanalmente para a lectura, revisión e modificación dos textos e o ensaio e a interpretación posteriores.

Os textos teatrais son todos inéditos e orixinais e xorden tras o asesoramento sobre o contexto histórico, social, lingüístico e musical do grupo de traballo formado polo profesorado participante. Despois das suxestións, a coordinadora do proxecto, que é coordinadora tamén do taller de teatro, escribe un primeiro texto; este é o guión teatral inicial que se leva ao grupo de teatro para a súa revisión primeiro e para a súa interpretación finalmente.

Partindo dunha anécdota histórica, unha dramatización con escritores e escritoras como protagonistas, o alumnado chegará a entender a súa obra, as características do contexto, as súas traxectorias vitais e profesionais... Son pequenas pílulas de teatro concentrado para ofrecer unha panorámica da Literatura Galega o máis completa posible en cada curso escolar.



Cada obra corresponderase cadansúa etapa da Historia da Literatura Galega, comezando pola Idade Media ata chegar á actualidade. O ambicioso do proxecto fai que se conciba como bianual, coa posibilidade de continuidade aberta, sempre que a primeira dese os resultados esperados, pero cada obxectivo detallado arriba está cumprido só con cada unha das obras. Para este curso pénsase en traballar ata o Rexurdimento.

Explícaselle ao alumnado a temática principal da obra, os detalles do contexto histórico, achégaselle a dimensión literaria e humana da ou das figuras que se van levar á escena e, sobre todo, a intención teatral, o que procuramos transmitirle ao público.

O alumnado ten parte importante no proceso final do texto, que se mantén na súa maior parte pero que se adapta tamén ás suxestións do alumnado-actor, que as demanda, por cuestións ás veces estéticas e ás veces na procura dunha facilidade óptima de dicción ou comodidade interpretativa. Antes da representación, a proposta do deseño de escenografía e vestuario é consensuada coas actores e as actrices e tamén resultado das suxestións iniciais do grupo de traballo do profesorado e alumnado participante.

Comezan os ensaios, pois, no prazo aproximado para os ensaios que se indica no calendario, e dicimos aproximado porque hai que contar coa competencia de exames e actividades da rapazada, que fai imposible ensaiar algunhas tardes; cómpre ter presente sempre que é unha actividade que se desenvolve a maior parte en horario extraescolar.

Unha vez preparada a obra, pénsase na data e no lugar para a representación. Tradicionalmente o grupo de teatro representa no Teatro Lauro Olmo do Barco de Valdeorras para toda a cidadanía da localidade ; esta posibilidade existe, pero a primeira e obrigada representación será no salón de actos e para o alumnado do centro.

6 XESTIÓN E CALENDARIO

O calendario que se detalla a continuación está suxeito a cambios, segundo a dispoñibilidade horaria do profesorado e do alumnado nas horas de ensaio dos mércores pola tarde. Isto non significa que se anulen as sesións, senón que se terán que repetir necesariamente ata que se poida garantir a asistencia do grupo ao completo. Tamén, polo mesmo motivo, se poden adiar as estreas de cada obra, como é lóxico.

1º trimestre

Outubro:

Grupo de Teatro
IES Martaguisela



A Literatura
Galega á escena
Mércores, 16.00 h
Salón de actos

Apuntádevos a esta aventura
de traer á escena persoeiros
das nosas Letras Galegas!



- Reunión do grupo de traballo do profesorado. Presentación das etapas da Historia da Lingua Galega. Suxestións de temática, deseño do guión para cada etapa. Adaptación musical.

Novembro:

- Redacción da obra sobre Literatura Medieval realizada pola coordinadora e presentación desta ao grupo. Revisión. Adaptación da música e luces.
- Difusión da convocatoria no centro para a participación no proxecto entre o alumnado e comunidade educativa.
- Establecemento do grupo, presentación das normas e do proxecto e horarios. Repartición de papeis, revisión do texto.

Decembro:

- Lectura da obra e interpretación. Ensaaios.



2º trimestre

Xaneiro:

- Ensaio finais.
- Escollo do *atrezzo*, deseño e escenografía. Horario e aviso ás persoas asistentes.
- Representación.
- Avaliación.

Febreiro:

- Deseño e suxestións da obra sobre os Séculos Escuros. Escritura da obra, realizada pola coordinadora, e revisión posterior. Adaptación musical.
- Lectura da obra e modificacións, suxestións e adaptacións posteriores.
- Interpretación. Ensaio.
- Escollo do *atrezzo*, deseño e escenografía. Horario e aviso ás persoas asistentes.

Marzo:

- Representación.
- Avaliación.

3º trimestre

Abril:

- Deseño, temática e suxestións para a escrita da obra sobre o Rexurdimento.
- Escritura da obra, realizada pola coordinadora, e revisión. Música e texto.
- Lectura da obra, modificacións, suxestións e adaptacións.
- Interpretacións, ensaios.

Maio:

- Escollo do *atrezzo*, deseño e escenografía. Horario e aviso ás persoas asistentes.

Xuño:

- Representación.
- Avaliación.



7 RECURSOS HUMANOS IMPLICADOS NO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

7.1 Profesorado participante. Funcións e tarefas de cada unha das persoas implicadas

O grupo de traballo formado polo profesorado é o que segue:

- 1 Ana Fernández Neira, orientadora. Participa en calidade de actriz e axudante de dirección.
- 2 Luana Barros Ríos, profesora de Inglés. Participa como actriz, colabora na revisión do guión e no traballo dos ensaios como axudante de dirección.
- 3 Luisa Rigueira Rodríguez, profesora de Lingua Galega e Literatura. Achega asesoramento sobre o contexto histórico, bibliografía, obras e realiza a corrección de textos e a revisión ortográfica da redacción do proxecto.
- 4 Pilar López Martínez, profesora de Lingua Galega e Literatura. Encárgase da difusión, procura de materiais, disposición de horarios e grupos e pormenores organizativos da representación. Tamén participa no grupo de asesoramento lingüístico de textos.
- 5 Moncho Iglesias Míguez, profesor de Lingua Galega e Literatura. Forma parte do grupo de traballo para o asesoramento sobre o contexto histórico, bibliografía, obras e corrección de textos. Facilita a procura de ideas para a escenografía.
- 6 Iago Novoa Gómez, profesor de Filosofía. Participa en calidade de actor, revisa o texto e escenografía.
- 7 Marta Castro Alba, profesora de Lingua Galega e Literatura. Achega asesoramento sobre o contexto histórico, bibliografía, obras e corrección de textos.
- 8 Manuela Álvarez Sánchez, profesora de Lingua Castelá. Ofrece asesoramento sobre xéneros dramáticos e escenografía.
- 9 Marta Cortés Fernández, profesora de Música, coordinadora do proxecto, encargada da dirección teatral, creación de texto e apartado musical.

7.2 Alumnado participante

- 1 Alessandro Barra Carvalho, 1º ESO A
- 2 Carla Peña Rodríguez, 1º ESO B

- 3 Janat Magri ElYousfi, 1º ESO B
- 4 Encina González Enríquez, 2º ESO B
- 5 Héctor Rodríguez Delgado 3º ESO B
- 6 Miguel Palmer Díaz, 3º ESO B
- 7 César Armando Carranza Recinos, 3º ESO B

Ademais, todo o alumnado do centro participará como público nas representacións.

O equipo directivo, o equipo de dinamización lingüística e máis a biblioteca colaboran activamente cando se lles require axuda.

8 RECURSOS MATERIAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

O centro posúe unha provisión xeitosa de *atrezzo*, engrosado ao longo do tempo con artigos de escenografía, mobiliario variado, cortinas, teas, vestimenta, maquillaxes e perrucas, xogos de luces no escenario con cadea musical e canón de vídeo. O salón de actos está á nosa enteira disposición para reunións e mais ensaios.

Todos os recursos bibliográficos precisos saen da nosa biblioteca.

9 ORZAMENTO

O custo estimado para este proxecto, contando co aprovisionamento do que xa dispón o centro, é o seguinte:

Vestuario: 150 €

Mobiliario: 150 €

Formación: asistencia a varias representacións de teatro e/ou cinema galego: 2.000 €

10 COLABORACIÓNS CON INSTITUCIÓNS, ENTIDADES, ASOCIACIÓNS OU EMPRESAS

Queda aberta a posibilidade de colaborar co concello, como viña sendo frecuente, e a final de curso representar a obra no teatro Lauro Olmo da localidade para toda a cidadanía do Barco de Valdeorras. O concello pon á nosa disposición un técnico de luces e son e a entrada é gratuíta, como non podía ser doutro xeito por tratarse de teatro escolar.



Esta posibilidade é máis remota se pensamos que se precisa a recreación dun novo espectáculo a partir das pequenas obras, para representar a finais de curso para a xente da vila e contorna. Queda pois pendente de dispoñibilidade e axustes das sesións a finais de curso, e, como non, da disposición do alumnado participante, que, como xa se apuntou, é algo que non se pode asegurar.

11 MEDIDAS DE DIFUSIÓN DO PROXECTO

11.1 Accións, canles, medios e formatos

- Tanto nas nosas RR SS (o centro dispón de Instagram e Facebook), como na revista do centro (publicación anual a final de curso con recensións e fotografías, reportaxes e artigos de todo o traballado e realizado no ano escolar) cada obra recibirá a publicidade axeitada.
- Difundiranse tamén con carteis polos corredores do centro e, se a obra se representar fóra, carteis para colocar pola vila.
- No blog da biblioteca.
- Na prensa da localidade.
- Se o tempo o permitir, como viña sendo habitual antes da pandemia, o grupo de teatro acudiría á radio da localidade, antes da representación, para explicar en que consiste a obra, falar sobre a súa afección teatral etc.
- Todas as representacións serán gravadas en vídeo como material para o centro ou usadas como recursos intercentros.

11.2. Alcance

Poucas cousas causan tanto entusiasmo na rapazada de hoxe en día como ver os seus compañeiros representando unha obra teatral. Esa mesma rapazada que está anestesiada pola tecnoloxía, que é difícil de estimular ou imposible ás veces de motivar por parte dun profesorado incapaz de competir co estímulo dixital, pero fóra deste estímulo, o teatro pode competir con el, cumpre os obxectivos de dinamización e mesmo os supera. A ferramenta é útil e efectiva para unha chea de competencias pedagóxicas da práctica ensino-aprendizaxe pero especialmente para valorar, transmitir e dignificar a lingua. Moitísimos dos rapaces e rapazas teñen a súa primeira experiencia teatral en galego no centro, que logo continúan no teatro da localidade e que os invita a consumir series, programas e cine en galego tamén; co engadido de que serve directamente como vehículo para fomentar o achegamento á literatura dunha maneira amena e próxima aos intereses do



público ao que vai dirixido, neste caso, adolescente. Este curso o alumnado é novo, actúa por vez primeira tras a pandemia na que arrefriaron todas as artes e en especial as escénicas, tamén nos centros, pero volve!, e medra o número de alumnos e alumnas co hábito de facer teatro e en galego, habendo como hai un grupo consolidado.

No resto da comunidade poderíamos dicir algo semellante: a existencia do grupo de teatro crea sempre curiosidade e expectación, e a participación do profesorado especialmente.

A obra de teatro será gravada en vídeo como recurso que podería poñerse á disposición doutros centros; mesmo se pode falar da posibilidade de ir representar a algún da vila se lles interesase despois de vela, e a posibilidade de invitar os centros tamén se está a valorar.

12 PLAN DE AVALIACIÓN

12.1 Criterios e indicadores para a avaliación

Os criterios cos que se avaliará o proxecto son os que seguen, segundo os niveis ALTO/ MEDIO/ BAIXO:

- 1 Fomenta o galego oral entre a rapazada.
- 2 Mellora as habilidades e competencias comunicativas en galego do alumnado.
- 3 Achégalle a lingua a alumnado procedente do estranxeiro a ás súas familias.
- 4 Incrementa o uso e valoración da lingua galega entre o alumnado neofalante.
- 5 Colabora con entidades culturais e centros de ensino.
- 6 Mellora a valoración social da lingua entre o alumnado do centro.
- 7 Potencia o uso e valoración da lingua galega a través de formatos diferentes e atractivos para a xente nova.
- 8 Estende o emprego da lingua a espazos ou temas asociados á modernidade.
- 9 Visualiza o galego nas redes sociais e nas plataformas dixitais ou na radio da localidade.
- 10 Divulga o coñecemento da Literatura Galega entre a comunidade educativa.
- 11 Repercute positivamente na dinamización da lingua.



- 12 Contribúe a fomentar o hábito lector.
- 13 Resulta unha experiencia motivadora de aprendizaxe da lingua.
- 14 Difunde as figuras máis salientables da nosa literatura no contexto histórico propio e achégallas ao alumnado.
- 15 Dá a coñecer as obras dos autores e as autoras, a importancia do seu traballo para a nosa lingua empregando novos formatos que sexan atractivos e de impacto, innovadores e creativos.
- 16 Promove a curiosidade polos xéneros literarios en galego.
- 17 Colabora con entidades culturais, asociativas e recreativas.

12.2. Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua na comunidade educativa

O noso centro ten unha longa tradición teatral, pero é a primeira vez que todos os esforzos camiñan na mesma dirección, unidos no difícil labor, polas características lingüísticas da nosa terra de Valdeorras, de xuntar entretemento para todos os públicos, grandes e pequenos, e difusión e coñecemento da Literatura Galega en galego a un tempo. Difundir as nosas iniciativas, dignificar a Lingua, desde dentro a fóra, ofrecerlle á lingua o papel principal como protagonista e estendelo desde o noso centro á contorna son as altas expectativas nas que depositamos un importante e necesario labor dinamizador da lingua.

O noso centro recibe un número importante **de alumnado inmigrante** que descoñece o galego e o teatro é un reto necesario, talvez o mellor dos retos na procura da normalización do galego porque amosa eficacia comprobada no ámbito teatral da oralidade, da naturalidade musical da nosa lingua no rexistro coloquial para transmitir emocións, conversar, rir, chorar e tamén dar a coñecer os autores e autoras que nos fixeron chegar ata aquí, conservando un idioma propio que nos une e nos identifica; cómpre contribuír tamén a coidalo, como tributo a eles.



ANEXO I. GUIÓN DA PRIMEIRA OBRA DE TEATRO



GRUPO DE TEATRO DO IES MARTAGUISELA

CANDO UN REI MOI FAMOSO FOI TAMÉN UN TROBADOR

Narrador

Dona Violante

Afonso X

Mozo axudante de cámara

Martín Codax

Aprendiz de Martín Codax, Roi de Cangas

Tea vermella e dourada que cobre o chan e o teito

Caixas de madeira para sentar

Pergamiños

Pluma

Bordado

Vestimenta de época



Entran falando animadamente Afonso e a súa dona. Ao chegar á tarima da aula quedan inmóbeis.

NARRADOR: En 1240, o rei Afonso X o Sabio conversa coa súa dona, Violante de Aragón. Están no seu pazo de Allariz.

Afonso: Ai miña dona, deixóucheme ben canso a conquista de Cádiz. E aínda por riba ocuparme eu tamén da revolta dos de Murcia!

VIOLANTE: Pois deixa de facer tanta guerra, haiche sitio para todos nestas terras; ademais..., eu non te vexo nada feliz, ultimamente estás insoportable, só pensando nos problemas.

Afonso: Tes razón, vouno mandar todo á porra e dedicarme ao que de verdade me gusta.

VIOLANTE: Ai non, Fonsiño, a caza tes ir deixándoa xa, non es un neno. E a min non me gusta nada ver os animais mortos no salón. Nunca entenderei onde está a beleza ou o entretemento de matar un animal así...

Afonso: Non, muller. Xa onde vai que non cazo. A min o que me fai feliz é a astronomía, a tradución, o xadrez... Pero xa sabes, miña rula, o que me volve tolo é escribirlle esas cancións á Nosa Virxe...

VIOLANTE: Ah! As cantigas esas, dis?

Afonso: Si. As cantigas. Mira, agora están a facer unhas de escarnio que son de rir ata escachar!



VIOLANTE: Ah, si, pero cousa plebea me parecen, non son acaso as cancións que andan a cantar os xograres, eses poemas con sátiras?

Afonso: Cantan, si, e mesmo din que algúns xograres tamén compoñen os seus poemas. Pero eu ando noutro asunto, con outras miras, ando a ver se fago un libro con todas elas escritas!

Entra o servente

SERVENTE: Meu apreciado señor, o profesor de galego-portugués acaba de chegar. Dígolle que pase?

Espera pero marcha

VIOLANTE: Como, Fonsiño??? Pero que parvadas son esas de aprender agora a escribir e en lingua vernácula! Se aínda fose o latín...

Afonso: Cala, que eu non che quito do bordado ese teu. O latín xa está pasado de moda. Todo o mundo culto e moderno fala galego agora!

SERVENTE: Excelentísimo señor, xa está aquí o poeta.

Afonso. Trobador! Fala ben!

Martín CODAX: Co seu permiso, meu rei, miña raíña. (*Fai reverencia*)

Afonso: Pase, Señor Martín... que máis? De onde es?

Martín CODAX: Codax, señor, para servilo a vostede. Veño de lonxe, do mar de Vigo.

AFONSO: Mira, Martín Codax de Vigo, necesito... A ver...



Martín CODAX: Precisa vosa maxestade consellos... literarios?

VIOLANTE: Oia! Como se atreve? Falarlle así ao rei!

Afonso: Querida dona, agarda...

Martín CODAX: Desculpen vosas señorías. Non vexo que outro asunto pode querer de min.

VIOLANTE. (*Levantada e furiosa*) Fonso! Isto nin cantigas nin cantigos! Isto non o soporto, ou o botas ti ou o boto eu...

Martín CODAX: Cantigas teño para todos, e de escarnio se chegase o momento.

Afonso: Mida as súas palabras, mozo! Son o rei da Coroa de Castela, rapaz!... E... dixo cantigas? A ver, amose!

Le uns pergamiños e ponse cada vez máis contento. Dálle á súa dona para que lea tamén

Afonso: Mira, miña ama, mira, miña dona, mira, mira, le!!!

VIOLANTE: E dis que esta é a lingua de moda? Pero se non se entende ben o latín!

Afonso: Para poñerlle música é perfecta, é musical, nobilísima, fermosa! Bela!

Afonso: Don Martín, lea vostede! Lea, pardeus!

Martín CODAX:

Quantas sabedes amar amigo

Treides comigo o mar de Vigo:

A bañarnos nas ondas!



Quantas sabedes amar amado

Treides comigo o mar levado:

A bañarnos nas ondas!

E falta o mellor... A música, señor! É un xénero novo de música e verso ao que lle vou chamar **galeción**. Os mozos xa o bailan coma tolos!

Dona Violante está encantada e interesada pero tenta disimular.

Martín CODAX: ...Pero eu marchou ou quedo?

VIOLANTE: Impertinente! Vostede queda, quen lle mandou marchar?

Martín CODAX: Vale, vale...

AFONSO: A ver, don Martín, o caso é que eu teño tamén a miña propia idea. Despois de ler autores como don Denis, Airas Nunez e Joan Airas... penso que...

SERVENTE: Ah! Todos eles son boísimos!

VIOLANTE: Ah, pero ti tamén os coñeces?

Afonso: Que che dixen, miña parrula! Velaí tes! TO-DA-A XENTE- fala xa en romance! Como ía dicindo, despois de moito estudar, porque estudo a todas as horas, astronomía, xadrez, árabe...

VIOLANTE: Fonsiño, non te me perdas...

Quedan inmóbeis os personaxes.

NARRADOR: É certo, non exaxera. Afonso X o Sabio impulsou a tradución de textos ao latín, árabe e hebreo,



sabía de leis, abriu a primeira universidade de Europa en Salamanca. Un tío moi sabio, si!

Afonso: Como lle dicía, don Martín, vostede será gran poeta, non llo nego, pero mire, eu escribín unhas cantigas colosais! Á señora suprema, á divina raíña, á luz das luces...

VIOLANTE: Ai, meu Fonsiño... Grazas...

Afonso: Á Virxe María.

VIOLANTE queda cortada e desgustada.

Afonso: Teño centos delas. Poema e música. Farei un libro e ilustrarei cada unha das cantigas! Que opina? (A *Violante*) Mira! mira! Está *flipao*...

Martín Codax mira os pergamiños.

Martín CODAX: Home..., son interesantes, pero non me compare, con permiso da súa señoría, coa emoción e a musicalidade das cantigas de amigo e xa non lle conto das de amor.

Afonso: Tes razón, Violante. Este tipo é un impresentable. E un inculto.

Martín CODAX: Meu señor, son un humilde poeta, pero non son un xograr. Teño coñecementos.

Afonso: Que ignorante! Que pode haber máis emocionante que contar os milagres que a nosa señora a Virxe María fixo polas nosas terras!? Ou vai renegar diso?

SERVENTE: Vállame Deus! A Nosa Señora Divina o perdoe!



NARRADOR: Afonso X o Sabio compilou 420 cantigas nun cancionero. A maior parte son de carácter narrativo, cantigas que relatan feitos marabillosos que se resolven pola intervención milagrosa da Virxe María. Estas historias foron escritas para o público do século XIII que cría nos milagres ferventemente e acudía a ela para pedirlle axuda e protección.

VIOLANTE: Abofé que as historias que se contan da Nosa Señora son todas certas e explicadas con moitos detalles polas xentes do noso reino. Merecen ser recollidas nun libro. Bravo, esposo!

Afonso: E coa música!

Martín CODAX: Pois, meu rei, para que solicita a miña presenza? Eu sei de amores, de ondas, de amigas e flores..., de tocar o laúde.

Afonso: Non hai amiga mellor que Santa María.

Martín CODAX: Oi, vaia se as hai! coa súa venia, hai amigas que merecen poemas.

Afonso: Está menosprezando a Nosa Señora? Pola fe de Deus! Polos cravos de Cristo! Retire as súas palabras infames.

SERVENTE: Señor! Non consinta tal! Mande aforcalo!

Afonso: Non, home! Esas prácticas tan sanguinarias hai que deixalas xa no pasado. Quero un país civilizado! Prefiro castigar a súa herexía doutra maneira.

VIOLANTE: Que ben falas, querido! Por iso te chaman o Sabio!



Martín CODAX: A ver, señor. Que castigo merezo polo meu atrevemento? Que non é tal, son poeta colosal. (*Ri*)

Afonso: Quedará aquí no Pazo de Allariz, ensinando e corrixindo as miñas cantigas á Virxe. Máis que un castigo é un premio, non si???

Martín CODAX: Eh? Pois (*polo baixo*) prefería a forza.

Marcha correndo espantado, e o servente tras del.

VIOLANTE: Como dixo?

SERVENTE: Maxestades, desculpen pero hai un mozo de Cangas na entrada que di que é o profesor de galego-portugués.

Afonso: Par dez! Pero non era este outro...? Alguén vai morrer hoxe e se non morre mátoo eu...

VIOLANTE: Están a tomarnos o pelo, Fonso.

Afonso: (*Queda pensativo dando voltas*) Marchou xa o de Vigo?

SERVENTE: Non señor, está a piques de montar no seu cabalo para marchar.

Afonso: Que veñan os dous á miña presenza. O de Vigo e o de Cangas! Agora mesmo!

O servente marcha e volve cos dous, eles entran rifando.

ROI: Maxestades. (*Fai reverencia*) Non se asusten do que aquí estamos formando. Ten explicación...

Afonso: Silencio! Aquí os tempos márcos eu. Quen é vostede para presentarse así na miña casa e pedirilles audiencia a uns reis??



ROI: Iso quería, maxestade, explicarme.

VIOLANTE: A ver, fale.

Martín CODAX: Señorías, este que vai falar! É un ninguén, un aprendiz de trovador sen un peso ao que lle dou de comer a cambio de compoñer algúns versos e porque canta ben...

Afonso: Canta? A ver que estilo?

ROI: Señor, señora, son o mellor compositor de galetón.

Afonso: Canta agora mesmo e déixate de presumir.

Con base de regaeton

ROI:

Ai flores, ai flores do verde pinho,

se sabedes novas do meu amigo?

Ai Deus ou que?

Ai flores, ai flores do verde ramo,

se sabedes novas do meu amado?

Ai Deus, ou que?

Se sabedes novas do meu amigo,

aquel que mentiu do que pos comigo.

Ai Deus ou que?

Se sabedes novas do meu amado,

aquel que mentiu do que a mi a jurado?

Ai Deus ou que?

Todos quedan sen fala e sorprendidos gratamente



Afonso: Oíches (*a Martín Codax*), este tipo é mellor ca ti.

Martín CODAX: Xa llo dixen señor. É moi bo, si.

ROI: Quero ser o mellor cantante de galetón do mundo!

VIOLANTE: Vaia co pequeno este! Amosa orgullo. (*Fala a súa muller*)

Afonso: Gústame, certo que me resulta familiar. A ver, mozo, fala algo máis da túa vida.

ROI: Nacín en Cangas señor, fillo de Aurora Moraira de Alves, mestra da vila.

VIOLANTE levántase de súpeto moi incómoda e Afonso comeza a poñer cara de asustado.

SERVENTE a Martín Codax: Arre diola! Esa dicían que andaba co rei. Vaise armar, a Violanta non a pode ver.

VIOLANTE: Non nos interesa. O galetón é un tipo de música para parvos, e vostede ten cara diso, de parvo. Fóra.

Afonso: Pero, miña rula..., por que? Continúe.

ROI: Nacín hai 20 anos...

Martín CODAX: Pecha a boca, miñoca!

ROI: Non cheguei a coñecer a meu pai pero contáronme que era un gran poeta. A miña nai conservou algunha cantiga súa. Eu medrei con esta ilusión: facer de min o mellor trovador do reino.

Afonso parece enmudecer e queda parado no seu trono.

VIOLANTE: Moitos soños de grandeza tes. Para iso deberás estudar antes, non si?



ROI: A iso veño. Dixéronme que este meu rei era o mellor.

Martín CODAX: Ah non, o mellor son... Ah, si, o mellor é o rei, por suposto.

ROI: Mire, señor, pódolle cantar tamén esas cantigas que conservei de meu pai. Para que vexa que o levo nos xenes. Non son galetón pero son moi boas.

Afonso non contesta, parece atordado.

VIOLANTE: Fonso! Que facemos con galetoneiro este? A ver? Recite, home, recite.

Martín CODAX: (*Chama a Roi á parte*) Roi, pensa o que estás a facer, non sabes onde te estás a meter. Mira que isto acaba mal, imos ir os dous ao calabozo ou acabar coa cabeza nunha pica, rapaz!

ROI: Non sei de que me falas, Martín. Quero cumprir o meu soño, é o momento.

SERVENTE: Ai, meu Deus, pobres miñocas estes dous... Van arder no inferno en dous minutos.

VIOLANTE: Fonso quedou pasmado. Un rei sempre con preocupacións... Que vida tan desgraciada... A ver, quero escoitar esa cantiga e logo largan os dous para Cangas!

ROI: Non se arrepentirá, señora! Van quedar tan encantados que non me han deixar marchar de aquí xamais!

VIOLANTE: Non exaxere, mozo e mida as súas palabras, que está diante dos reis de Castela!

ROI: (*Colle un laúde e comeza a cantar*)



Santa Maria, strela do día
mostra-nos via pera Deus e nos guía.
Ca veer faze-los errados
que perder foran per pecados
entender de que mui culpados son;
mais per ti son perdoados
da ousadia que lles fazia
fazer folia mais que non deberia.
Santa Maria, strela do día,
mostra-nos via pera Deus e nos guía.

Quedan todos mudos. Afonso levántase por fin do trono.

Afonso: Esa cantiga. Esa cantiga... (*Co rostro desencaixado*)

VIOLANTE: É túa, Afonso!

ROI: É do meu pai! Ata está asinada, cun A, miren:

Martín CODAX: Desta non saímos vivos.

SERVENTE: (*Moi apurado*) Veña, veña, fóra xa, as súas maxestades están moi cansas, xa vos aturaron bastante! Sodes un par de lacazáns e mareantes! A que estades a formar!

VIOLANTE: Pare aí! (*Con determinación, moi contundente e firme*) Afonso, a primeira cantiga que ti fixeches era igual que a que acabamos de escoitar. Acórdome



perfectamente, porque non me gustara nadiña. (*Faise un silencio incómodo duns segundos*)

Afonso: Pois que queres ? Pois si, igual.

VIOLANTE: Igual que?

Afonso: Igual... é que son o seu pai.

VIOLANTE: Como? Que? (*Esvaece*)

Afonso: (*Mira para a súa dona e logo para o mozo, como pensando con quen quedar*) Ben, mozo, (*Pasa o brazo polas costas do rapaz*) estou moi orgulloso, non cho quería dicir pero es cravadiño a min! Á porra guerras e revoltas, terras e vasalos! **Eu o que quero ser é galetoneiro!** (*Moi eufórico e contento*)

Póñense a bailar e cantar todos ao ritmo de música celta!





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES